

Programación didáctica do Departamento de Grego

IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas

Curso 2022/23

Índice

I. Introducción.....	4
I.1. Marco legal.....	4
I.2. Contextualización.....	5
I.3. Composición do Departamento e materias impartidas	5
I.4. Obxectivos xerais de etapa.....	5
II. Programación de Latín 4º ESO	9
II.1. Introducción.....	9
II.2. Obxectivos específicos	10
II.3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	11
II.4. Desenvolvemento curricular: contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	21
II.5. Concrecións metodolóxicas e materiais didácticos	27
II.6. Temporalización, contidos mínimos e procedementos de avaliación	27
II.7. Avaliación	35
II.7.1. Procedementos e instrumentos de avaliación	35
II.7.2. Criterios de avaliación e cualificación.....	37
II.7.3. Recuperación de pendentes	38
III. Programación de Latín II 2º Bacharelato	39
III.1. Introducción.....	39
III.2. Obxectivos específicos	39
III.3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	40
III.4. Desenvolvemento curricular: contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.....	50
III.5. Concrecións metodolóxicas e materiais didácticos	56
III.6. Temporalización, contidos mínimos e procedementos de avaliación.....	56
III.7. Avaliación.....	65
III.7.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	65
III.7.2. Criterios de avaliación e cualificación.....	67
III.7.3. Recuperación de pendentes.....	67
IV. Medidas de atención á diversidade.....	69
V. Contribución ao Plan Lector do centro.....	71
VI. Elementos transversais	73
VII. Actividades complementarias	75
VIII. Avaliación da práctica docente e procedementos de revisión da programación.....	76

I. Introducción

I.1. Marco legal

Neste presente curso académico estase a operar a transición legal entre a LOMCE e a LOMLOE, o que significa que nos cursos impares (1º ESO, 3º ESO e 1º Bacharelato) implantarase xa a nova LOMLOE, mentres que nos cursos pares (2º ESO, 4º ESO e 2º Bacharelato) continuará vixente un curso máis a LOMCE.

Seguindo as instrucións emitidas pola Consellería de Educación aos centros educativos, a parte desta Programación Didáctica correspondente aos cursos impares tramitarase a través do programa informático PROENS unha vez que se publiquen os novos currículos de Secundaria e Bacharelato; a parte da Programación Didáctica referida aos cursos pares, en cambio, publicarase polas vías e medios que viñan sendo habituais. Así pois, o recollido na presente programación fai referencia fundamentalmente a aqueles cursos nos que continúa vixente a LOMCE e axústase ao disposto na seguinte lexislación autonómica:

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

I.2. Contextualización

Esta programación está concibida para ser levada á práctica nas aulas do IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas durante o curso académico 2022/23. Este é un centro público situado no concello de Oleiros, no que se imparte docencia de ESO e máis de Bacharelato a un total duns trescentos cincuenta alumnos.

A proximidade desta localidade á capital da provincia favorece o achegamento do alumnado a produtos culturais de variada índole, como poden ser exposicións ou representacións teatrais, entre outras, e en certa medida facilita tamén o acceso á universidade.

I.3. Composición do Departamento e materias impartidas

No presente curso o Departamento de Grego está composto unicamente polo profesor David Amboage López, que é así mesmo o xefe de Departamento.

As materias impartidas por este Departamento este curso son as seguintes: Cultura Clásica de 3º ESO, Latín de 4º ESO, Latín I de 1º de Bacharelato, Grego I de 1º de Bacharelato e Latín II de 2º de Bacharelato. Polo que respecta ao volume de alumnado que recibe ensinanza destas materias, no presente curso hai un total de 40 alumnos matriculados nas mencionadas materias, distribuídos da seguinte maneira: Cultura Clásica de 3º ESO, 12 alumnos; Latín de 4º ESO, 6 alumnos; Latín I de 1º de Bacharelato, 10 alumnos; Grego I de 1º de Bacharelato, 6 alumnos; Latín II de 2º de Bacharelato, 6 alumnos. Á parte do alumnado matriculado nas materias anteriormente citadas, este Departamento faise tamén cargo da titoría dun alumno deste centro que cursa a materia de Grego I de 1º de Bacharelato de forma non presencial.

I.4. Obxectivos xerais de etapa

Para a Educación Secundaria Obrigatoria o Decreto 86/2015 sinala os seguintes obxectivos:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas castelá e galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural

como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

Para o Bacharelato, en cambio, os obxectivos xerais de etapa son os seguintes:

a) Exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos Dereitos Humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a lingua galega.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

k) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente.

l) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

m) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

n) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

ñ) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

II. Programación de Latín 4º ESO

II.1. Introducción

Esta materia supón o primeiro achegamento sistemático e quizais o único á lingua e á cultura latina. Compaxina o coñecemento e comprensión do mundo clásico cunha toma de conciencia da súa presenza no mundo actual. O estudo da cultura, a literatura e en especial da lingua latina e o recoñecemento da súa transmisión e continuidade será de grande importancia para tomar e ter conciencia da súa identidade.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir ao alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas. O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como o resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden á súa adquisición.

O estudo da orixe e da evolución do latín ás linguas romances proporcionalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de forma decisiva nun uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de Bacharelato un estudio máis pormenorizado.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñería e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

II.2. Obxectivos específicos

Os obxectivos da materia de Latín de 4º de ESO enmárcanse baixo dous obxectivos primordiais: iniciar un estudio básico da lingua latina e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romana e a súa relación co mundo actual, de xeito que a materia contribúa á adquisición das competencias básicas (lingüística, social, artística, literaria). Trátase ademais de que o estudio do latín nesta etapa asente os fundamentos para o estudio das Humanidades ou as Ciencias Sociais no Bacharelato. Os obxectivos que se pretenden alcanzar son:

1. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do Latín para o análise e a tradución de textos sinxelos.
2. Coñecer os paradigmas de declinación e conxugación regular.
3. Traducir textos sinxelos orixinais ou adaptados para despreparar os mecanismos de estruturación mental que confirmen a firmeza dos coñecementos lingüísticos.
4. Ler textos latinos traducidos para mellorar a expresión oral e escrita do alumnado ao tempo que adquire unha bagaxe cultural relacionada con diversos temas da antigüidade.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar as trazas comúns e a diversidade lingüística dos pobos de Europa.
6. Identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latina en diferentes contextos lingüísticos.
7. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e civilización romanas, tanto da vida privada coma da pública, así como da relixión, mitoloxía e arte.
8. Coñecer os xéneros literarios latinos e os seus principais representantes.
9. Coñecer o papel de Roma na historia de Occidente, con especial énfase no coñecemento do patrimonio arqueolóxico, artístico e literario en Galicia.

II.3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

É a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias e adquiridas.

Os estándares relacionados con este perfil competencial son os seguintes:

LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, e relación co termo de orixe.

LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.

LAB.2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.

LAB.3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

LAB.3.1.2. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

LAB.3.1.2. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

LAB.3.1.3. Define o concepto de declinación e conxugación.

LAB.3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.

LAB.3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra a paradigma de flexión correspondente.

LAB.3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.

LAB.3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugacións.

LAB.3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.

LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.

LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.

LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e castelán diferentes formas verbais latinas.

LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.

LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases onde practica o seu uso.

LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina e redacta en lingua latina pequenas frases onde practica o seu uso.

LAB4.4.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples identificando as súas características.

LAB4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas das oracións simples.

LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, analizándoas e traducíndoas de forma correcta.

LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina explicando a grandes liñas as circunstancias nas que teñen lugar e as súas principais consecuencias.

LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.

LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, comparándoos cos actuais.

LAB5.3.1. Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.

LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, e establecendo relacións entre os deuses máis importantes.

LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.

LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.

LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.

LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.

LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

LAB6.3.1. Utiliza de forma correcta os manuais e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.

LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.

LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.

LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base de un tema previamente acordado.

LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.

LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.

LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.

LAB7.4.1 Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia en tecnoloxía (CMCT)

Poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e as vías de comunicación, así coma na enxeñería romana.

Os estándares relacionados con este perfil competencial son os seguintes:

LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

LA.1.2.1. Define indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.

LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples identificando as súas características.

LAB4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas das oracións simples.

LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando diferentes fontes de información.

LAB5.7.1. Describe as características dos diferentes tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.

LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.

Competencia dixital (CD)

A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesor, deberá servir para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

Os estándares relacionados con este perfil competencial son os seguintes:

LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

LAB1.2.1. Define indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.

LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

LAB.2.1.1. Reconece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.

LAB.2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.

LAB.3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.

LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.

LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.

LAB5.1.3. Pode elaborar eixos cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando diferentes fontes de información.

LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.

LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.

LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.

LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.

LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

LAB7.4.1 Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

Competencia de aprender a aprender (CAA)

O labor de análise morfosintáctica e tradución constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual e, ao mesmo tempo, estimula a memoria, a lóxica do pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando a capacidade de razoamento.

Os estándares relacionados con este perfil competencial son os seguintes:

LAB.1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas europeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.

LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.

LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, e relación co termo de orixe.

LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.

LAB.2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.

LAB.3.1.2. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

LAB.3.1.3. Define o concepto de declinación e conjugación.

LAB.3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra a paradigma de flexión correspondente.

LAB.3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.

LAB.3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conjugacións.

LAB.3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.

LAB.3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.

LAB.4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.

LAB.4.4.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples e identifica as súas características.

LAB.4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncialas das oracións simples.

LAB.5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.

LAB5.1.3. Pode elaborar eixos cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando diferentes fontes de información.

LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.

LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.

LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.

LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.

LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.

LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

Os estándares relacionados con este perfil competencial son os seguintes:

LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasificando as primeiras en familias lingüísticas, e delimitando nun mapa as zonas nas que se utilizan.

LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances e delimitando nun mapa as zonas nas que se utilizan.

LAB5.1.1. Distingue as diferentes etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.

LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.

LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina explicando a grandes liñas as circunstancias nas que teñen lugar e as súas principais consecuencias.

LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.

LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, comparándoos cos actuais.

LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.

LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástalos cos da actualidade.

LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valoras o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.

LAB7.4.1 Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Os estándares relacionados con este perfil competencial son os seguintes:

LAB5.1.1. Distingue as diferentes etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.

LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.

LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, comparándoos cos actuais.

LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.

LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valoras o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.

Conciencia e expresión culturais (CCEC)

Está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

Os estándares relacionados con este perfil competencial son os seguintes:

LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura, clasificándoos conforme á súa natureza e á súa función.

LAB5.1.1. Distingue as diferentes etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.

LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.

LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina explicando a grandes liñas as circunstancias nas que teñen lugar e as súas principais consecuencias.

LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, comparándoos cos actuais.

LAB5.3.1. Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles, estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.

LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan e establecendo relacións entre os deuses máis importantes.

LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos tratamentos.

LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.

LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valoras o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.

LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.

LAB7.4.1 Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

II.4. Desenvolvemento curricular: contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe

A continuación amosamos en táboas a relación entre os contidos curriculares, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe:

Latín. 4º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1: O latín, orixe das linguas romances. Sistema da lingua latina.				
- f - ñ - o	B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT CCEC CAA CD CSC
- e - ñ - o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas europeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CAA CMCCT
- l - ñ - o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD
- l - ñ - o	B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD
- f - ñ - o	B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, e relación co termo de orixe.	CCL CAA
- b - ñ - o	B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL CAA
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos				
- e	B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	LAB.2.1.1. Reconece diferentes tipos de escritura e clasifícalos consonte a súa natureza e a súa función.	CD CCEC
- e	B2.2. Orixes do alfabeto latino.	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	LAB.2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en	CAA CD

			Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	
- h	B2.3. Pronuncia do latín.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	LAB.2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	CCL
Bloque 3. Morfoloxía				
- b	B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Identificar os distintos formantes das palabras.	LAB.3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT CCL
- e	B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	LAB.3.1.2. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL
- e - b	B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	LAB.3.1.3. Define o concepto de declinación e conxugación.	CAA CCL
- b - e	B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	LAB.3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. LAB.3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra a paradigma de flexión correspondente.	CD CCL CAA
- b - e	B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	LAB.3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. LAB.3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugacións.	CAA CCL CAA
- e - b - h - ñ - o	B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	LAB.3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. LAB.3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	CAA CCL CD CCL

			LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	CAA CCL
			LAB3.6.4 Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	CCL
Bloque 4. Sintaxe				
- f	B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	CMCCT
- h	B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	CAA CCL
			LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL
- e	B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL
- b	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LAB4.4.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples e identifica as súas características.	CMCCT CAA CCL
- e	B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	CAA CMCCT CCL
- h	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	B4.5. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	CCL
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización				
- a - f - e - ñ	B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.	CSC CSIEE CD
			LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	CAA CCEC CSC

			LAB5.1.3. Pode elaborar eixos cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando diferentes fontes de información.	CD CAA CMCCT
			LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina e explica a grandes liñas as circunstancias nas que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	CSC CCEC CCL
- a - ñ	B5.2. Organización política e social de Roma.	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC CCL
			LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	CSIEE CSC CCEC CCL
- c - ñ	B5.3. A familia romana.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros.	LAB5.3.1. Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.	CCL CSC CCEC
- l - n	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	CCEC CCL CD
- n - ñ	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	CAA CCEC CD
- m	B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	CD CCEC CSC CCL CSIEE CAA
- d - e - ñ	B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valoras o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC

Bloque 6. Textos				
- h	B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	CCL CAA
- d - o	B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CCL CAA
- h	B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	CCL CAA
- l - f	B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura dos textos latinos traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CCEC CCL CMCCT CD CCL
- b	B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL
- g	B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL
Bloque 7. Léxico				
- h - ñ - o	B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente, palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	CAA CCL
- b - ñ - o	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD CAA
- l - ñ - o	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT CCL
- e - b	B7.3. Locucións latinas de uso actual.	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actuais e saber empregalas nun contexto axeitado.	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CD, CSC CCEC CCL

II.5. Concrecións metodolóxicas e materiais didácticos

O método elixido para a ensinanza da lingua latina, que é unha parte fundamental desta materia, será o enfoque comunicativo, pois é o que máis se asemella a un achegamento natural á adquisición lingüística. Farase fincapé en empregar esta lingua como lingua vehicular entre o profesor e os alumnos, así como en traballar as catro destrezas comunicativas: a comprensión oral, a comprensión escrita, a expresión oral e a expresión escrita. Isto posibilita que se leven a cabo na aula moi distintas actividades, o que á súa vez permite atender a unha maior ampla variedade de estilos de aprendizaxe.

Os materiais didácticos empregados serán, por unha banda, o manual *Lingua Latina Per Se Illustrata*, de Hans H. Ørberg, e por outra banda os materiais accesorios que o profesor lle vaia facilitando ao alumnado para implementar este aspecto comunicativo sobre un manual concibido dende o enfoque dedutivo. Ademais, posto que o centro participa no programa EDIXGAL en todos cursos da ESO, o alumnado dispón dun ordenador portátil persoal para traballar na aula e terá acceso aos materiais EDIXGAL para esta materia, así como a unha innumerable cantidade de recursos en liña que o profesor lle irá facilitando.

II.6. Temporalización, contidos mínimos e procedementos de avaliación

Os contidos do currículo serán distribuídos ao longo do curso atendendo á seguinte agrupación por trimestres:

Primeiro trimestre

- B1.1. Marco xeográfico da lingua.
- B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.
- B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.
- B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- B2.1. Oríxes da escritura. Sistemas de escritura.
- B2.2. Oríxes do alfabeto latino.
- B2.3. Pronuncia do latín.
- B3.1. Formantes das palabras.
- B3.2. Tipos de palabras: variábeis e invariábeis.
- B3.3. Concepto de declinación e conxugación.
- B4.1. Elementos da oración.

- B4.2. Casos latinos.
- B4.3. Concordancia.
- B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- B5.1. Períodos da historia de Roma.
- B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.
- B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
- B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.
- B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.
- B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
- B7.3. Locucións latinas de uso actual.

Segundo trimestre

- B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- B2.3. Pronuncia do latín.
- B4.1. Elementos da oración.
- B4.2. Casos latinos.
- B4.3. Concordancia.
- B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.
- B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
- B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.
- B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.
- B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
- B7.3. Locucións latinas de uso actual.

Terceiro trimestre

- B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- B2.3. Pronuncia do latín.

- B4.1. Elementos da oración.
- B4.2. Casos latinos.
- B4.3. Concordancia.
- B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.
- B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.
- B5.2. Organización política e social de Roma.
- B5.3. A familia romana.
- B5.4. Mitoloxía e relixión.
- B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.
- B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.
- B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.
- B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
- B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.
- B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.
- B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.
- B7.3. Locucións latinas de uso actual.

Na seguinte táboa figuran os contidos mínimos de cada estándar de aprendizaxe e os procedementos e instrumentos que se empregarán para cualificalos. Sinálanse o trimestre ou trimestres nos que se traballarán os estándares, indicando o grao mínimo de consecución e o procedemento de avaliación pertinente.

Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
					Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
LAB.1.2.1 - Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	Define o indoeuropeo.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB.1.3.1 - Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	Reconece as linguas indoeuropeas de Europa e non indoeuropeas e as sinala nun mapa.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB.1.5.1 - Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	Diferencia palabras patrimoniais e cultismos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB.1.6.1 - Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB1.1.1 - Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	Ter situados nos mapas brancos o 50 por cento dos nomes xeográficos utilizados	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.
LAB1.4.1 - Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	Identifica as linguas romances e non romances de España e Europa e sitúas nun mapa	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB2.1.1 - Reconece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	Reconece diferentes tipos de escritura e clasifícaos	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB2.2.1 - Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	Reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e ponos en relación coas linguas que os empregan.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB2.3.1 - Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	Respecta a pronunciación clásica das consoantes[k], [kʷ] e [g]	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.

LAB3.1.1 - Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	Descompón palabras nos seus constituíntes morfolóxicos.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB3.2.1 - Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	Distingue entre palabras variables e invariábeis.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.
LAB3.3.1 - Define o concepto de declinación e conxugación.	Define o concepto de declinación e conxugación	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB3.4.1 - Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	Interpreta correctamente enunciados abreviados	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.
LAB3.4.2 - Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	Declina sintagmas en concordancia	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB3.5.1 - Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos a partir do seu enunciado.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB3.5.2 - Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugación.	Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos regulares	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB3.6.1 - Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	Recoñece formas verbais dos tempos activos e pasivos do tema de presente no modo indicativo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB3.6.2 - Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	Cambia de voz formas verbais dos tempos do tema de presente en modo indicativo.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB3.6.3 - Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	Identifica o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB3.6.4 - Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.

LAB4.1.1 - Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB4.2.1 - Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	Coñece os casos da flexión nominal e as súas principais funcións	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.
LAB4.2.2 - Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	Traduce oracións e pequenos textos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB4.3.1 - Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	Redacta en latín oracións con catro unidades sintácticas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB4.4.1 - Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	Distingue oracións atributivas e predicativas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB4.5.1 - Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	Diferencia entre oracións compostas e oracións simples.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.
LAB4.6.1 - Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e tradúceas correctamente.	Recoñece a construción de infinitivo concertado.		X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB5.1.1 - Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	Explica os trazos esenciais das distintas etapas da historia de Roma.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais.
LAB5.1.2 - Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB5.1.3 - Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	Realiza eixes cronolóxicos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.

LAB5.1.4 - Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	Describe feitos históricos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. Proba obxectiva.
LAB5.2.1 - Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	Describe as maxistraturas do mundo romano.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Exposicións.
LAB5.2.2 - Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	Describe características da sociedade romana.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Exposicións.
LAB5.3.1 - Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Probas específicas
LAB5.4.1 - Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	Describe un personaxe da mitoloxía grecolatina.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LAB5.5.1 - Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	Recoñece o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Exposicións.
LAB5.6.1 - Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, e contrástaos cos da actualidade.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.
LAB5.7.1 - Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	Describe as características dun espectáculo público.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos.
LAB6.1.1 - Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.
LAB6.2.1 - Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos latinos de forma global.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LAB6.3.1 - Utiliza correctamente os manuais e o dicionario,	Utiliza correctamente os manuais e o	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.

analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	dicionario para traducir pequenos textos.				INSTRUMENTOS: Diario de clase.
LAB6.4.1 - Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.
LAB6.4.2 - Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas.
LAB6.5.1 - Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas.
LAB6.6.1 - Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas.
LAB7.1.1 - Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.
LAB7.1.2 - Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	Identifica as palabras de maior frecuencia.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.
LAB7.2.1 - Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	Identifica e explica os principais prefixos e sufixos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Proba aberta.
LAB7.3.1 - Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.
LAB7.4.1 - Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	Coñece o significado das locucións latinas traballadas na aula.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.

II.7. Avaliación

No tocante ao proceso de avaliación, cómpre primeiro poñelo en coñecemento do alumnado, para que dende un principio sexan conscientes de que, como e cando se vai avaliar ao longo do curso. Tomaranse como referentes os obxectivos xerais da etapa e os criterios e estándares de avaliación, relacionándoos coas competencias clave. Ponderaranse na súa xusta medida tanto os esforzos dos estudantes e a consecución dos obxectivos, como o axeitado ou errado da nosa proposta didáctica. Aínda que ao remate do curso se realizará unha avaliación final para valorar os resultados obtidos, a avaliación do alumnado será continua, o que esixirá a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

Os tipos de avaliación que terán lugar no proceso descrito son:

- **Inicial:** sondaxe sobre os coñecementos previos tanto de tipo lingüístico como cultural (principalmente estes últimos) a través dun breve proba de tipo test, tentando obter tamén información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave, de xeito que saibamos os coñecementos que teñen ben afianzados.

- **Procesual e formativa:** exame directo do traballo do alumno ao longo do proceso de aprendizaxe, atendendo á súa constancia diaria, á súa participación na aula, ás súas achegas de ideas, ao seu desenvolvemento da capacidade crítica, ao seu interese, etc. Basearase na observación das actividades programadas nas distintas unidades e no curso no seu conxunto, con criterios de flexibilidade e adaptación, o que nos permitirá obter datos sobre a evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe e comprobar o grao de consecución dos obxectivos. Nela haberá tres momentos fundamentais que coincidirán coas sesións de avaliación ao remate de cada trimestre.

- **Final e sumativa:** será a base para o establecemento da cualificación que o alumnado recibirá nesta materia. Nela comprobarase se se acadaron os requisitos mínimos esixidos para a superación desta, atendendo á adquisición dos contidos e das competencias clave e ao desenvolvemento de hábitos e técnicas de traballo, así como dunha sensibilización ante os valores procurados. Teremos moi en conta o punto do que cada estudante partiu e o punto ao que chegou.

II.7.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación son aquelas actuacións destinadas a conmensurar o proceso de ensinanza e aprendizaxe; os instrumentos de avaliación son, en cambio, aqueles elementos que nos serven para levar a cabo esa medición.

Establecemos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación, relacionados cos aspectos en concreto que se pretende avaliar en cada caso:

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	VALORACIÓN
1. Observación directa e supervisión sistemática do traballo diario na clase	<ul style="list-style-type: none"> • Posta en común dos coñecementos • Intervencións • Respostas 	<ul style="list-style-type: none"> • Actitude • Tipo de intervencións • Método de traballo • Corrección das respostas ofrecidas nos intercambios orais co profesor
2. Análise das producións dos alumnos/as.	<ul style="list-style-type: none"> • Caderno de clase • Traballos de aplicación e síntese 	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación • Puntualidade • Selección da información relevante e rigor da mesma • Ortografía • Corrección gramatical e bo uso do idioma utilizado
3. Probas específicas (controis/exames)	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de exercicios e problemas • Proba obxectiva • Cuestionarios abertos • Cuestionarios pechados 	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración dos coñecementos adquiridos • Pertinencia e corrección das respostas

A continuación indícase a utilización concreta de cada un destes procedementos e instrumentos de avaliación para cada período avaliativo:

PERÍODO AVALIATIVO	TIPO DE PROCEDEMENTO APLICABLE
Cada unha das tres primeiras avaliacións	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa • Traballos / tarefas encomendados (se fose o caso) • Probas obxectivas
Convocatoria final ordinaria (segunda metade de xuño): tanto para recuperación da materia suspendida como para incremento da nota daquel	<ul style="list-style-type: none"> • Proba obxectiva

alumnado que teña a materia aprobada ao termo das tres primeiras avaliacións.	
Probos de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores	<ul style="list-style-type: none"> • Probos obxectivos • Traballos / tarefas encomendados (se fose o caso)

II.7.2. Criterios de avaliación e cualificación

Avaliación: a nota obtida polos alumnos ao remate de cada avaliación e na avaliación final centrarase fundamentalmente nos contidos, aínda que non obviará o traballo e esforzo persoal do alumnado, senón que a cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba, dos traballos persoais ou de grupo elaborados, da actitude dos alumnos na aula (intervencións, preguntas, exercicios, esforzo diario) e do interese demostrado ao longo de todo o trimestre.

Cualificación trimestral: a cualificación da materia de Latín de 4º ESO en cada trimestre establécese da seguinte maneira: un valor dun **70% para as probas obxectivas escritas** que se fagan ao longo do trimestre (dúas como mínimo) para comprobar o grao de coñecementos obtidos referidos ás unidades didácticas impartidas durante este período; un valor dun **30%** para o que chamaremos **actividades cotiás:** lectura de textos na aula e na casa, resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación e comportamento na aula e exercicios programados para a avaliación dos contidos explicados nas distintas unidades.

Cualificación final: para superar a materia de Latín de 4º ESO será preciso que ao termo das tres primeiras avaliacións o alumno obteña unha cualificación positiva (cinco ou máis puntos) como froito da media ponderada das tres avaliacións. O cálculo desa media ponderada farase en base á seguinte fórmula, que reflicte o carácter continuo e acumulativo da avaliación desta materia:

$$[\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ AV} \times 1] + [\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ AV} \times 2] + [\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ AV} \times 3] : 6 = \text{Nota media final}$$

De xeito excepcional, cando un alumno teña na avaliación final unha nota media de entre 4,5 e 5 puntos, o profesor poderá propoñelo como aprobado atendendo exclusivamente á súa capacidade de traballo e ao seu comportamento ao longo do curso (esta medida poderá ser de aplicación tamén na primeira e na segunda avaliación).

En caso de que o resultado desta media sexa inferior a cinco puntos, daquela o alumno terá a oportunidade de presentarse a unha proba que versará sobre os contidos explicados durante todo o curso, que será do mesmo tipo cás planificadas nas distintas avaliacións e que se realizará durante a segunda metade do mes de xuño e cuxo resultado será aquel que figure como nota da avaliación final ordinaria. Así mesmo, quen a pesar de ter a materia aprobada xa ao termo das tres primeiras avaliacións queira presentarse a esta proba para subir nota, poderá facelo.

No presente curso académico, como xa ocorreu no anterior, non haberá proba extraordinaria de setembro.

II.7.3. Recuperación de pendentes

No tocante á recuperación de avaliacións suspensas, posto que a maior parte dos contidos desta materia son acumulativos, levarase a cabo unha avaliación continua e non se farán recuperacións de avaliacións suspensas.

Polo que respecta á recuperación da materia íntegra como pendente dun curso anterior, o alumnado que a teña pendente deberá entregar certas tarefas que se lle encomendarán periodicamente. En caso de que non entregue as tarefas ou que a realización destas non sexa correcta abondo como para dar por adquiridos os contidos mínimos desta materia, dito alumnado poderá presentarse a unha proba global que versará no sobre a totalidade dos contidos vistos ao longo do curso.

No presente curso, non obstante, non hai ningún alumno matriculado con esta materia pendente.

III. Programación de Latín II 2º Bacharelato

III.1. Introducción

Dentro do marco establecido na *Introdución xeral a área de Latín no bacharelato*, a materia Latín II procurará a consolidación e ampliación dos contidos básicos de lingua e de cultura analizados en Latín I. Porén, realizarase un tratamento máis específico e extenso da literatura, dos xéneros e dos autores principais da literatura latina que contribúa a afondar nas raíces da nosa cultura. Partirase dos coñecementos morfosintácticos e léxicos fundamentais adquiridos no primeiro curso, que serán obxecto de repaso e ampliación coa incorporación dunha morfoloxía nominal máis completa e de estruturas sintácticas máis complexas. Procurarase que, ao remate deste segundo curso, os valores permanentes do mundo clásico e a proxección universal do seu pensamento queden de manifesto para todos o alumnado. Para isto traballarase sobre textos de gradual complexidade, acordes co nivel de competencia lingüística dos alumnos, abordando contidos histórico-culturais, dramáticos, etc. A necesaria reflexión gramatical debe partir da observación dos propios textos, atendendo especialmente aos aspectos literarios

III.2. Obxectivos específicos

O noso Proxecto Didáctico pretende realizar unha concreción dos obxectivos anteriormente expostos, adaptándoos á realidade do Proxecto Educativo de Centro e ao segundo curso do Bacharelato. Podemos contextualizalos nos seguintes enunciados:

1. Afondar no coñecemento de distintos aspectos de mundo latino (históricos, culturais, relixiosos, políticos, filosóficos, científicos, etc.) e identificar as principais contribucións culturais de Roma, con especial atención á literatura, recoñecendo os elementos desa herdanza que permanecen no mundo e na cultura actuais e tomándoos como unha das claves para a súa interpretación.
2. Identificar os principais valores establecidos pola sociedade romana que se converteron en patrimonio universal, servíndose para isto do comentario de textos seleccionados.
3. Introducirse no coñecemento técnico dos diversos xéneros literarios como creación do mundo romano, apreciando os valores que cada un deles transmite e a súa influencia e conservación na literatura universal.
4. Situar na lingua latina a orixe do acervo léxico das linguas faladas polo alumno, observando a súa influencia na creación dos distintos campos semánticos, así coma os principais procedementos de derivación do latín ás linguas romances e a súa presenza nas linguas modernas.
5. Acadar unha maior profundidade no coñecemento e utilización dos fundamentos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina.

6. Interpretar e traducir textos de maior complexidade que os de Latín I, favorecendo estratexias de razoamento dedutivo, contraste de hipóteses e resolución de problemas de índole lingüística.
7. Afondar nas técnicas de análise filolóxica mediante a reflexión sobre as unidades lingüísticas e as estruturas gramaticais das distintas linguas.
8. Analizar e interpretar textos diversos fundamentalmente orixinais mediante unha lectura comprensiva, distinguindo os xéneros literarios, as súas características principais e a súa evolución e prestando atención á estrutura lingüística, ao pensamento e á ideoloxía que neles aparecen, adoptando unha actitude crítica ante o mundo romano e o mundo actual.
9. Investigar de forma crítica en documentos e fontes variadas de información, co fin de desenvolver técnicas de traballo intelectual que permitan aos alumnos afondar individualmente no coñecemento da lingua e a cultura estudadas.
10. Desenvolver o sentimento de pertenza á unidade cultural que é Europa, en cuxa base está o mundo grecolatino, con actitudes de tolerancia e respecto cara aos seus distintos pobos e os doutras zonas do mundo.

III.3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencia lingüística

A competencia en comunicación lingüística debemos vinculala coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. Ao desenvolvemento da mesma, esta disciplina contribúe de forma especial e significativa desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos que cursaron a materia adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, todo iso desde unha mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e creación de distintos tipos de mensaxes.

A nosa disciplina aporta ao desenvolvemento desta competencia, entre outras contribucións:

1. Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e goce.
2. Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
3. Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
4. Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
5. Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
6. Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.

7. Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
8. Fomento da capacidade creativa lingüística.
9. Melloría na comprensión e a emisión de mensaxes orais e escritos.
10. Melloría na motivación da aprendizaxe a partir da melloría na comprensión e expresión lingüística.
11. Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.
12. Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

Os estándares relacionados con este perfil competencial son os máis numerosos, como é lóxico dado o tipo de materia de que se trata:

- LA2B1.1.1 - Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.
LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, e sinala os trazos que as distinguen.	Nomea e describe as categorías gramaticais, e sinala os trazos que as distinguen.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.
LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.	Identifica en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.	Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	Axudándose do dicionario identifica distintas formas nominais e pronominais e declínaas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.
LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario	Axudándose do dicionario identifica	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos

calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán	distintas formas verbais e conxúgaas.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de ejercicios e problemas.
LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas, análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva, caderno de clase.
LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de ejercicios e problemas.
LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.	Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de ejercicios e problemas.
LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e tradúceos ao galego ou ao castelán.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de ejercicios e problemas.
LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.	Identifica nos textos exemplos de oración composta, coordinación e subordinación, así como os nexos que as caracterizan.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de ejercicios e problemas.
LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	Identifica formas non persoais do verbo nos textos e tradúceas correctamente.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Resolución de ejercicios e problemas.
LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	Nomea algúns aspectos salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.	Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores e obras da literatura	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.

	latina				INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.
LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.	Realiza comentarios de textos latinos, sitúaos no tempo, e identifica o xénero ao que pertencen.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.	Analiza o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Probas obxectivas.
LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	Utiliza eficazmente o dicionario para obter unha tradución axeitada do texto.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Probas obxectivas.
LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o	Recoñece o xénero do texto a partir			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos

xénero e o propósito do texto.	de características formais do mesmo.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	Identifica e explica termos do léxico latino e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.	Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.	Comprende e explica na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Probas obxectivas.
LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis utilizados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Probas obxectivas.

III.7. Avaliación

No tocante ao proceso de avaliación, cómpre primeiro poñelo en coñecemento do alumnado, para que dende un principio sexan conscientes de que, como e cando se vai avaliar ao longo do curso. Tomaranse como referentes os obxectivos xerais da etapa e os criterios e estándares de avaliación, relacionándoos coas competencias clave. Ponderaranse na súa xusta medida tanto os esforzos dos estudantes e a consecución dos obxectivos, como o axeitado ou errado da nosa proposta didáctica. Aínda que ao remate do curso se realizará unha avaliación final para valorar os resultados obtidos, a avaliación do alumnado será continua, o que esixirá a asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

Os tipos de avaliación que terán lugar no proceso descrito son:

- **Inicial:** sondaxe sobre os coñecementos previos tanto de tipo lingüístico como cultural (principalmente estes últimos) a través dun breve test, tentando obter tamén información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave, de xeito que saibamos os coñecementos que teñen ben afianzados.

- **Procesual e formativa:** exame directo do traballo do alumno ao longo do proceso de aprendizaxe, atendendo á súa constancia diaria, á súa participación na aula, ás súas achegas de ideas, ao seu desenvolvemento da capacidade crítica, ao seu interese, etc. Basearase na observación das actividades programadas nas distintas unidades e no curso no seu conxunto, con criterios de flexibilidade e adaptación, o que nos permitirá obter datos sobre a evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe e comprobar o grao de consecución dos obxectivos. Nela haberá tres momentos fundamentais que coincidirán coas sesións de avaliación ao remate de cada trimestre.

- **Final e sumativa:** a base para o establecemento da cualificación que o alumnado recibirá nas distintas materias. Nela comprobarase se se acadaron os requisitos mínimos esixidos para a superación destas, atendendo á adquisición duns contidos e dunhas competencias clave e ao desenvolvemento duns hábitos e técnicas de traballo e dunha sensibilización ante os valores procurados. Teremos moi en conta o punto do que cada estudante partiu e o punto ao que chegou.

III.7.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Establecemos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación, relacionados cos aspectos en concreto que se pretende avaliar en cada caso:

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	VALORACIÓN
1. Observación directa e supervisión sistemática do traballo diario na clase	<ul style="list-style-type: none"> • Posta en común dos coñecementos • Intervencións • Respostas 	<ul style="list-style-type: none"> • Actitude • Tipo de intervencións • Método de traballo • Corrección das respostas ofrecidas nos intercambios orais co profesor
2. Análise das producións dos alumnos/as.	<ul style="list-style-type: none"> • Caderno de clase • Traballos de aplicación e síntese 	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación • Puntualidade • Selección da información relevante e rigor • Ortografía • Corrección gramatical e bo uso do idioma utilizado
3. Probas específicas (controis/exames)	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de exercicios e problemas • Proba obxectiva • Cuestionarios abertos • Cuestionarios pechados 	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración dos coñecementos adquiridos • Pertinencia e corrección das respostas

A continuación indícase a utilización concreta de cada un destes procedementos e instrumentos de avaliación para cada período avaliativo:

PERÍODO AVALIATIVO	TIPO DE INSTRUMENTO APLICABLE
Convocatorias parciais e final ordinaria	<ul style="list-style-type: none"> • Observación directa • Traballos / tarefas encomendados • Probas obxectivas
Convocatoria extraordinaria de final de curso:	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas
Probas de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas • Traballos / tarefas encomendados

III.7.2. Criterios de avaliación e cualificación

Avaliación: a nota obtida polos alumnos ao remate de cada avaliación e na avaliación final centrarase fundamentalmente nos contidos, aínda que non obviará o traballo e esforzo persoal do alumnado, senón que a cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba, dos traballos persoais ou de grupo elaborados, da actitude dos alumnos (intervencións en clase, preguntas, exercicios, esforzo diario) e do interese demostrado ao longo de todo o trimestre.

Cualificación trimestral: a cualificación da materia de Latín II de 2º de Bacharelato en cada trimestre establécese da seguinte maneira: un valor dun **75 % para as probas obxectivas escritas** que se fagan ao longo do trimestre para comprobar o grao de coñecementos obtidos referidos ás unidades didácticas impartidas durante este período; un valor dun **25 % para o que chamaremos actividades cotiás:** lectura de textos na aula e na casa, resolución de actividades prácticas na aula e na casa, resposta ás preguntas orais formuladas polo profesor sobre temas e cuestións anteriores, participación e comportamento na aula e exercicios programados para a avaliación dos contidos explicados nas distintas unidades.

Cualificación final: para superar a materia de Latín II de 2º de Bacharelato será preciso que á hora da avaliación final se teña unha cualificación positiva (de cinco ou máis puntos) como froito da media ponderada das tres avaliacións. O cálculo desa media ponderada farase en base á seguinte fórmula, que reflicte o carácter continuo e acumulativo da avaliación desta materia:

$$[\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ AV} \times 1] + [\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ AV} \times 2] + [\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ AV} \times 3] : 6 = \text{Nota media final}$$

De xeito excepcional, cando un alumno teña na avaliación final unha nota media de entre 4,5 e 5 puntos, o profesor poderá propoñelo como aprobado atendendo exclusivamente á súa capacidade de traballo e ao seu comportamento ao longo do curso (esta medida poderá ser de aplicación tamén na primeira e na segunda avaliación).

III.7.3. Recuperación de pendentes

Na materia de Latín II de 2º Bacharelato non se farán recuperacións de avaliacións suspensas. O alumnado que non obteña na avaliación final unha nota igual a cinco ou superior terá a oportunidade de obter unha cualificación positiva na convocatoria extraordinaria do mes de maio, que versará sobre os contidos explicados durante todo o curso e que será do mesmo tipo cás planificadas nas distintas avaliacións.

Para a cualificación de pendentes terase en conta tanto a realización de tarefas ao longo de cada un dos períodos avaliativos, coma a superación dunha proba obxectiva ao termo de cada avaliación. A nota final calcularase a partir da nota media ponderada procedente, por unha banda, da totalidade de tarefas entregadas (que supoñerá un 25%) e, pola outra, das notas das probas obxectivas (que supoñerán un 75%). En caso de que o alumnado que ten a materia pendente non lograse superar a materia polo procedemento anteriormente descrito no período de avaliación ordinario, poderá presentarse á proba extraordinaria a final de curso.

No presente curso non consta ningún alumno matriculado en Latín II coa materia pendente.

IV. Medidas de atención á diversidade

A ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno, traballando na medida do posíbel de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos xerais do nivel. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Organización de contidos en eidos integradores.
- Equilibrio dos contidos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo afectivo.
- A tutoría como medida ordinaria de atención á diversidade.
- Reunións periódicas do equipo docente. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- Outras medidas: ampliación e afondamento, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.
- Uso de diferentes recursos.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, aínda que esta medida só se tomará despois de explotar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados.

Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- Alumnos con altas capacidades intelectuais.
- Alumnos con necesidades educativas especiais.
- Alumnos con integración tardía no sistema educativo.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, este Departamento preparará e entregarlles un material de apoio para traballar durante as fins de semana e os períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non logra adquirir, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- a Exercicios previos para comprender mellor a materia.
- b Exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- c Exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, a aqueles alumnos que amosen un especial interese procurarase entregarlles materiais (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlles a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa de contidos.

A día de hoxe, e falta de que teñan lugar as sesións de avaliación previstas para a Avaliación Inicial, neste Departamento tense coñecemento dun caso de síndrome de Asperger e doutro de dislexia entre o alumnado matriculado en materias impartidas por este Departamento. Polo de agora estanse a observar as medidas propostas polo Departamento de Orientación respecto do alumno TEA; o outro alumno aínda non acudiu á aula. Á luz da información que sobre estes particulares e outros eventuais de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, deseñárase o plan de acción pertinente en colaboración co Departamento de Orientación e cos titores do alumnado en cuestión.

V. Contribución ao Plan Lector do centro

Desde esta materia, e tendo en conta o Plan Lector do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora. Velaquí os obxectivos que nos propoñemos a través de ditas actividades:

- Adquirir e consolidar o hábito lector, tanto coma unha fonte de pracer intelectual, coma como xeito de mellorar a competencia lectora individual (velocidade, comprensión, estratexias, tipos de lectura).
- Conseguir as competencias curriculares: axuda na comprensión lectora de textos (ou doutro material complementario) que deben manexar nas tarefas escolares, adquirindo un vocabulario propio de cada área.
- Mellorar a expresión nas linguas nais do alumnado, tanto de forma oral coma escrita, especialmente no relativo á ortografía, á puntuación e ao uso dun léxico preciso e variado.

As actividades en cuestión serán a comprensión escrita de textos de diferente tipoloxía e extensión: obras íntegras de xénero narrativo, dramático e poético, fragmentos de obras, banda deseñada, artigos xornalísticos, esquemas, mapas, etc.

En canto á metodoloxía a empregar, propoñeranse distintos tipos de lectura acerca de ditos textos: lecturas individuais ou colectivas, por unha banda, e lecturas intensivas, extensivas, oceánicas ou selectivas, pola outra, segundo o obxectivo de cada tarefa. Tras a fase de comprensión lectora verificarase esta mediante a elaboración de resumos, esquemas, comentarios de texto ou traballos temáticos, así como tamén da posta en común das interpretacións realizadas e do debate sobre a información recibida.

Estas actividades de lectura levaranse a cabo de maneira obrigatoria como parte da metodoloxía de traballo dos contidos do currículo e serán avaliábles segundo figura nesta mesma Programación Didáctica no apartado correspondente de cada materia. Non obstante, posto que un dos obxectivos do Plan Lector é lograr que os alumnos perciban a lectura tamén coma unha actividade de lecer, dende este Departamento promoveremos a lectura a través de actividades non avaliábles, como pode ser a promoción dun club de lectura.

A continuación relaciónanse algunha obras que poden ser obxecto de lectura en cada materia das impartidas por este Departamento:

Cultura Clásica 3º ESO

- Jenkins, I.: *La vida cotidiana en Grecia y Roma*. Ed. Akal, 1998.
- Aristófanes: *Lisístrata*. Ed. La Cúpula, 2008.
- Lively, P.: *En busca de una patria. La historia de la Eneida*. Ed. Vicens Vives, 2006.

- Navarro, R.: *La Ilíada contada a los niños*. Ed. Edebé, 2017.
- Rachmuhl, F.: *16 metamorfosis de Ovidio*. Ed. Editex, 2005.
- Riordan, R.: *El ladrón del rayo*. Ed. Salamandra, 2014.
- Schwab, G.: *Dioses e héroes de la Grecia antigua*. Ed. Juventud, 2000.
- Sutcliff, R.: *Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea*. Ed. Vicens Vives, 1998.

Latín 4º ESO

- Sánchez, A.: *Metamorfosis Ovidio*. Ed. Vicens Vives, 2014.
- Ayllón, J. R.: *Querido Bruto*. Ed. Palabra, 2008.
- Gándara, L.: *La oscura luz del Tíber*. Ed. Edebé, 2005.
- Grimal, P.: *Diccionario de mitología griega y romana*. Ed. Paidós, 2010.
- Lively, P.: *En busca de una patria. La historia de la Eneida*. Ed. Vicens Vives, 2006.
- Ovidio: *Arte de amar. Remedios do amor*. Ed. Rinoceronte, 2016.
- Scarrow, S.: *Gladiador, la lucha por la libertad*, ed. Edhasa 2012.

- Latín I 1º BACH

- Amiano, V.: *Peccata minuta*. Ed. Ariel, 2012.
- Apuleyo: *El asno de oro*. Ed. Biblioteca Teide, 2011.
- Gardini, N.: *¡Viva el latín! Historias y belleza de una lengua inútil*. Ed. Crítica, 2017.
- Lively, P.: *En busca de una patria. La historia de la Eneida*. Ed. Vicens Vives, 2006.
- Marcial: *Epigramas*. Ed. Akal, 2019.
- Northrop, CGN.: <http://metamorphoses-comic.com/?comic=met-1-540-7-daphnes-prayer>
- Ovidio: *Metamorfoses*. Ed. Galaxia, 2004.
- Ovidio: *Arte de amar. Remedios do amor*. Ed. Rinoceronte, 2016.
- Plauto: *Comedias I & II*. Ed. Cátedra, 2005.
- Vallejo, I.: *El infinito en un junco*. Ed. Siruela 2019.

Latín II 2º Bach

- Amiano, V.: *Peccata minuta*. Ed. Ariel, 2012.
- Catulo: *Poesías*. Ed. Cátedra, 2006.
- Cicerón: *Catilinarias*. Ed. Alianza, 2005.
- Gardini, N.: *¡Viva el latín! Historias y belleza de una lengua inútil*. Ed. Crítica, 2017.
- Horacio: *Odas*. Ed. Gredos, 2010.

- Marcial: *Epigramas*. Ed. Akal, 2019.
- Ovidio: *Metamorfoses*. Ed. Galaxia, 2004.
- Ovidio: *Arte de amar. Remedios do amor*. Ed. Rinoceronte, 2016.
- Plauto: *Comedias I e II*. Ed. Cátedra, 2005.
- Vallejo, I.: *El infinito en un junco*. Ed. Siruela 2019.

VI. Elementos transversais

Pola súa importancia cara á integración dos estudantes na sociedade prestarase atención especial á educación en valores, que pretende fomentar no alumnado actitudes persoais activas que axuden a construír estilos de vida e sistemas de comportamento social xustos e democráticos. O tratamento destas ensinanzas permitirá, a través da comparación cos sistemas sociais que estiveron vixentes en Grecia e Roma, o desenvolvemento de actitudes responsábeis que garantan a integración dos alumnos no sistema social actual. Abordaranse fundamentalmente a partir dos temas de cultura e civilización e o seu estudo levarase a cabo sobre a base dos textos. Os aspectos aos que se prestará atención son:

- **Educación para a igualdade de dereitos entre sexos:** os alumnos deberán recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produzan discriminacións por mor do sexo, procurando achegar solucións para evitar en calquera contexto comportamentos e expresións que poidan denotar discriminación. Investigarase sobre as orixes, efectos e defectos dunha sociedade patriarcal como a grega e a latina, estimulando o sentimento de necesidade dunha igualdade entre sexos. Na aula sen ter en conta o sexo fomentaremos a valoración das opinións e condicións doutras persoas, a participación igualitaria e solidaria nas actividades, unha distribución parella de responsabilidades e tarefas. Estas cuestións trataranse ao falar da sociedade, da familia, de Esparta e as súas mulleres, das deusas, dos mitos, de poetisas como Safo, etc.

- **Educación para a paz:** se un presta atención aos acontecementos máis importantes na historia de Grecia e de Roma, percibe que case todos eles están relacionados con algún suceso bélico, a miúdo con fins expansionistas e non defensivos. Os alumnos aprenderán a recoñecer na antigüidade e na actualidade xestos pola paz, exemplos de convivencia pacífica entre pobos, a respectar as opinións dos demais, a empregar o diálogo como forma para superar as diferenzas, a apreciar a outros pobos e culturas, etc. Analizaremos estes temas ao falar das distintas guerras na historia de Grecia e Roma, da *pólis*, da expansión do imperio romano, da romanización, da organización militar de Grecia e Roma, etc. Estableceranse relacións con procesos actuais como a carreira por deixar as armas, o terrorismo, as guerras, os conflitos étnicos, o exército profesional, a ONU, a OTAN, etc.

- **Educación moral e cívica:** Grecia representa o berce da democracia e da participación do individuo no goberno do Estado. Aproveitaremos as leccións sobre o sistema social, político e xudicial das cidades-estado gregas e sobre a monarquía, a república e o imperio romanos para incidir en varios aspectos imprescindibles nos nosos días: o respecto cara aos demais, cara ás normas de convivencia, cara á liberdade de pensamento e acción, cara a outras linguas, razas e culturas, a importancia da participación social e política, etc.

- **Educación para a saúde:** a saúde en Grecia tiña unha sólida base máxica e relixiosa, como pode verse na *Iliada* e a *Odisea*, onde os deuses curan as súas propias doenzas e as dos humanos. O culto a Asclepiades, deus da medicina por derivación de Apolo, estaba moi difundido. A verdadeira medicina en Grecia comezou a desenvolverse con Hipócrates, que escribiu varios tratados sobre enfermidades (algúns dos nomes aplicados por el séguense empregando na actualidade), os seus síntomas e formas de curación naturais. Pero a saúde estaba tamén no coidado do corpo, algo que os gregos poñían en práctica por medio do deporte. Estudando estes temas tentaremos mover ao alumnado cara a hábitos de vida saudables: non consumo de alcol e drogas, alimentación correcta, práctica de deporte, non automedicación, etc.

- **Educación do consumidor:** o contraste entre o modelo de vida refinado de Atenas e o austero de Esparta, o luxo no que vivían os emperadores e homes de alta clase social en Roma e outros aspectos servirannos para propoñer aos nosos alumnos modelos de conduta racionais e responsábeis na chamada sociedade de consumo, tomando conciencia dos seus dereitos como consumidores e dos efectos das súas accións.

- **Educación sexual:** a pederastia na educación espartana, o papel das mulleres espartanas como “produtoras” de guerreiros para a *polis*, a relación entre Aquiles e Patroclo, a presentación da homosexualidade en Grecia e Roma. Abordaremos a través deles temas candentes nos nosos días, como o sexo seguro, a homosexualidade, a prostitución, a pornografía, a pederastia, etc.

- **Educación viaria:** o estudo do home como un ser social, que non vive só, senón que comparte espazos e recursos con outros, estaba xa presente na antiga Grecia. Partindo deste aserto e considerando a educación viaria como baseada no respecto cara aos demais, fomentaranse nos alumnos condutas de seguridade viaria para cando sexan peóns e condutores de vehículos, e faráselles reflexionar sobre o peso do factor humano en accidentes de tráfico.

VII. Actividades complementarias

Este Departamento considera as actividades complementarias e extraescolares fundamentais para o desenvolvemento integral dos alumnos. A organización das mesmas contará sempre cun criterio pedagóxico e cunha preparación previa, co fin de que os alumnos poidan aproveitar mellor as saídas didácticas.

Entre as actividades complementarias a desenvolver dentro do horario escolar e no espazo do IES, existe a posibilidade de participar no concurso *Odisea* que promove anualmente a Sociedade Española de Estudos Clásicos e que nos derradeiros cursos conta cunha participación superior ao millar de alumnas e alumnos. Esta actividade adoita celebrarse na primeira semana de febreiro.

No que respecta ás actividades extraescolares fóra do centro e do horario lectivo, este Departamento espera poder asistir ao *Festival de teatro grecolatino de Galicia*, que se vén celebrando dende hai xa máis de vinte anos. A actividade está programada para os alumnos de *Cultura Clásica* e *Latín* da ESO e *Latín* do Bacharelato e desenvólvese en varias das capitais galegas.

Outra saída didáctica máis ambiciosa, pero á vez tanto máis proveitosa en termos de aprendizaxe para o alumnado é a viaxe a algún dos lugares que constitúen o escenario onde se desenvolveron as culturas grega e latina. Unha posibilidade para levar a cabo esta excursión sería tomar parte na viaxe que organiza cada ano a Delegación Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos a Italia e a Grecia. Esta viaxe está pensada para centros educativos de Galicia con pouco alumnado das nosas materias e coa idea de que ao xuntar un grupo duns cincuenta alumnos e alumnas poida resultarlles máis económico. A viaxe faise coincidir coas vacacións de Entroido para que perdan o menor número posible de clases. A actividade vai dirixida preferentemente ao alumnado de Bacharelato. Outra posibilidade sería realizar dita excursión no marco das viaxes europeas que cada ano realiza este centro a principios de maio.

Por último, permanecemos á espera de coñecer a programación de charlas ofertadas pola Universidade de Santiago para solicitar algunha relacionada coas temáticas das materias impartidas por este Departamento. Tampouco se descarta a celebración dalgunha videoconferencia con persoeiros do mundo das Clásicas, como poden ser Irene Vallejo, Emilio del Río ou Carlos García Gual.

VIII. Avaliación da práctica docente e procedementos de revisión da programación

Para a avaliación do proceso de ensino e de práctica docente empregárase as seguintes rúbricas.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	Escala			
	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE	Escala			
	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado ?				

2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc.?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

O mecanismo empregado de avaliación e modificación da programación será a seguinte rúbrica.

INDICADORES DE LOGRO DA PROGRAMACIÓN	Escala			
	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				

2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				

19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. Vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Art. 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				